

"Depois de mollar as súas gorxas agostadas coa auga fresca que trouse polas fauces os catro bravos leóns da fonte da praza, entran os devotos, pola porta que chaman dos franceses, na catedral do Glorioso Apóstolo. Alí recíbeos o Señor sentado no seu trono maxestoso e abenzóaos coa súa man dereita, mentres sostén un libro na esquerda. Enriba das súas cabezas, nun labrado firmamento de pedra, o arcanxo san Gabriel anuncia a boa nova á Nosa Señora entre as representacións dos meses do ano. De diante dos seus ollos, chorosos polo fervor, o marabilloso paraíso cheo de fermosas mulleres, fantásticas aves e bestas nunca imaxinadas, de onde son expulsados, polo Noso Señor aldraxado, un barbado Adán e unha Eva de longa cabeleira. Nas xambas, vixiantes, dous feros leóns calados sosteñen a cicelada e celeste lumieira na que catro apóstolos os abenzoan de novo."

O parágrafo que acabas de ler e que describe –segundo o *Codex Calixtinus*- a *Porta Francigena* da catedral de Santiago de Compostela, pertence a *Festina lente*, a última novela do escritor galego Marcos Calveiro, éxito de vendas na pasada Feira do Libro, Premio Irmandade de Libreiros e Premio da Crítica.



A súa acción transcorre na Compostela do século XVI, e os seus protagonistas son un mestre encadernador e o seu discípulo, gardiáns dun códice que provocará intrigas e asasinatos.



ARTES VISUAIS E LITERATURA

Xornada románico-literaria do Club de Lectura Gálix- Tendendo Redes e Amigos del Románico



Ilustracións e maquetación Daniel Díaz

A Asociación Galega do Libro Infantil e Xuvenil (Gálix) e AdR organizan unhas xornadas que terán lugar en Santiago de Compostela os días 2 e 4 de xullo de 2009.

PROGRAMA DE ACTIVIDADES:

Xoves, 2 de xullo (Lugar: Salón de Actos do Consello da Cultura Galega)

17:00-18:00. Lectura colectiva da novela *Festina lente* de Marcos Calveiro coordinada por **Anxela Gracián**.

18:00-19:00. "De Umberto Eco a Umberto Eco. Relacións entre artes visuais e literatura". Charla impartida por D. **Carlos Sastre**, doutor en Historia da Arte, membro da Xunta Directiva de AdR e investigador en iconografías medievais, renacentistas, modernas e contemporáneas.



Sábado, 4 de xullo

11:30. Encontro no Café Literarios (Quintana de Vivos).

12:00-13:30. Visita polo Santiago do século XVI. Guiaranos o profesor **Juan Manuel Monterroso**, Decano da Facultade de Xª e Hª da Universidade de Santiago.

14: 00- 16:30. Xantar no Restaurante Bonaval (Rúa Bonaval, 2-4)

Menú: Espárragos, ventresca, pementos do piquillo, chipiróns encebolados, rape recheo de gambas (especialidade da casa) ou entrecot. Viño, pan, postre, café e augardente. PREZO 33 EUROS.

BOOKCROSSING entre os comensais, con exemplares da novela *Festina lente* doados por xentileza de Edicións Xerais de Galicia, que patrocina esta actividade, así como outros libros propios, que se selarán e datarán para comezar a viaxe. Recoméndase traer libros persoais "para facelos viaxar" dende o casco histórico de Compostela ao mundo.

17:00- 18:00- Visita á catedral. Guiaranos D. **Augusto Guedes**, membro de Amigos do Románico.

18.00 a 19.00. Alquimia e documentación. Guiaranos **Marcos Calveiro**.

19.00 a 20.00 BOOKCROSSING. Procederáse ao intercambio de pistas e á busca dalgúns dos libros viaxeiros.

20.00 "Canteiro en Compostela". Recital poético.

Intervirán:

Manolo Rivas.

Ana María Fernández.

Antón L. Dobao.

Cesáreo Sánchez Iglesias.

Elvira Ribeiro.

Estevo Creus.

Fran Alonso.

Gloria Sánchez.

Helena Villar (que dará voz tamén a **Rosalía de Castro**).

Marica Campo, que dará voz tamén a un poema inédito de

Manuel María).

Marilar Aleixandre.

Marcos Calveiro.

Miro Villar.

Paulino Vázquez.

Rafa Villar.

Rosa Enríquez.

Xoán Babarro.

Xosé A. Neira Cruz.

Xosé María Álvarez Cacán.

Xosé Luís Méndez Ferrín, (que non estará de viva voz pero si coa súa palabra).

e **Anxela Gracián**, así como **alumn@s** do club Gálix Tendendo Redes, da AdR e **espontáne@s**.

As visitas guiadas e o recital poético non precisan inscrición. O xantar si, poñédevos en contacto con Galix (galix@galix.org, anxelagracion@hotmail.com ou tuiverde@hotmail.com)

